

Recursos

A continuación van algunhas páxinas que ofrecen actividades e consellos para un bo uso de Internet.

Educación infantil. Páxinas con actividades interesantes

http://www.lavacaconnie.com/connie_galego/home.htm

<http://cosquillitasenlapanza2011.blogspot.com.es/>

<http://www.funqooms.com>

<http://www.cincopatas.com>



Educación primaria

-Consellos e materiais para navegar seguros:

<http://www.edu.xunta.es/navegaconrumbo/>

Dez claves para navegar seguros:

http://www.youtube.com/watch?feature=player_embedded&v=2TferQprZ0g#

-Debuxos animados educativos sobre os perigos de Internet (Tpvamedida)

<http://www.youtube.com/watch?v=jVPLhc1rTg>

-Se non o fas na vida normal... ¿por que o fas en Internet?

<http://www.youtube.com/watch?NR=1&v=pWSrdaKYwtw>

-Coidados en Internet:

<http://www.youtube.com/watch?v=KCz699ZW3Zc>

-As aventuras de Reda e Neto:

<http://www.youtube.com/watch?v=GHv4g6Lw0Qs>

<http://www.youtube.com/watch?v=vAOw5o8Ap9w>

-Xogo: Internet seguro para os nenos

http://www.youtube.com/watch?feature=player_embedded&v=2TferQprZ0g#!

Para informarse e formarse

-Guía de boas prácticas TIC para las familias

<http://www.educa.jcyl.es/educacyl/cm/gallery/web-guia/usos-eficientes.html>

-Para protexer aos máis pequenos:

www.protegeles.com

-Por un Internet máis seguro para os nosos fillos:

<http://www.alia2.org>

-O "ciberbullying", cousa de ex-amigos:

<http://www.ciberbullying.com>

-Asociación de internautas:

<http://www.seguridadenlared.org/menores/>

-Seguridade na Web 2.0:

<http://www.seguridadweb20.es/>

-Pantallas amigas, por unha cidadanía dixital responsable:

<http://www.pantallasamigas.net/>

-Numerosos recursos de interese sobre o bo uso de Internet para nenos, adolescentes e maiores:

<http://www.chaval.es/chavales/>

-Oficina de seguridade del internauta:

<https://www.osi.es/>

-Instituto Nacional de Tecnologías de ls Comunicación:

<http://www.inteco.es/>



CEIP Sada y sus Contornos



novas tecnoloxías

CEIP Sada y sus Contornos



novas tecnoloxías



Internet Seguro

CEIP Sada y sus Contornos



novas tecnoloxías



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Colexio de Educación Infantil e Primaria Sada y sus Contornos

Nativos dixitais

Os nosos fillos son nativos dixitais, a xeración 2.0 tamén chamada xeración "i", de interactiva. Os pais e nais, como inmigrantes dixitais debemos facer un esforzo inicial para achegarnos a eles e convivir como iguais, porque que sexan nativos non implica que saiban usalos.

As Tecnoloxías da Información e do Coñecemento (Internet, videoxogos, teléfonos móbiles, ipods, cámaras e resto de dispositivos dixitais) súmanse a outros medios xa clásicos como a televisión (dixital) e a publicidade.

Todas son ferramentas para a aprendizaxe e a comunicación das que debemos sacar o máximo rendemento para aproveitar as súas numerosas vantaxes. Ben utilizadas e coñecidos os seus riscos, as tecnoloxías non son só un medio de alfabetización, senón tamén de desenvolvemento de habilidades e crecemento persoal, que poden axudar no estímulo da creatividade, a innovación e a autoestima si as sabemos seleccionar e dosificar, integrando coñecemento e entretemento.

Os adultos, e en especial os pais e nais, somos o principal referente nas condutas dos nosos fillos. A coherencia entre o que dicimos e facemos é a máxima fundamental para darlles exemplo saudable. **Os valores non se ensinan, apréndense.**



Decálogo de Bos Hábitos

Internet invítanos a crear unha nova identidade dixital, a escribir con verdade os nosos perfís e informacións, polo que compromete de forma pública con todo o que subimos á Rede. Internet é unha gran biblioteca universal, unha ferramenta de comunicación e un espazo para o lecer. **Un Decálogo de Bos Hábitos para o seu uso pode ser:**

1. Coloca o ordenador en espazos comúns.
2. Establece un horario de conexión.
3. Utiliza un contrasinal forte, firewall e filtros de navegación segura.
4. Comenta con normalidade e regularidade os riscos que ten a Rede.
5. A cámara web só se debe de utilizar para comunicarse con coñecidos.
6. Coñece as webs favoritas dos teus fillos.
7. Anima a saber buscar e a seleccionar os contidos.
8. Invita a certificar a credibilidade e o rigor das fontes de cada web.
9. Xoga en equipo coa creación de deseños e contidos web.
10. Nos casos de chats, mensaxería instantánea ou xogos en rede, establece as mesmas pautas que nas redes sociais.



Poñer límites e uso saudable

Estas tecnoloxías non deben facer de canguro. A televisión e os videoxogos non son electrodomésticos de compañía que vaian coidar dos nosos fillos, para que ademais de telos controlados, non molesten. Ademais, televisión, videoxogos ou Internet non deben usarse nunca como premio ou castigo.

Cada vez temos máis mandos e menos control. O ordenador ou a televisión non deben de ser o centro de ningunha habitación da casa. Ata nalgúns espazos do fogar, como os dormitorios, convén evitalos especialmente.

É importante negociar o tempo de consumo de tele, videoxogos e Internet: controlar horas e horarios. É bo establecer un horario de goce que sirva de referencia. Ao iniciar un consumo é bo saber cando este vai terminar, con especial atención de non mesturar o tempo das tarefas escolares co de televisión, videoxogos ou ordenador, nin que este último tampouco roube horas de descanso ou de sono.

Controlar os seus riscos.

Do móbil ao último videoxogo, é aconsellable dar responsabilidade aos nosos fillos nos custos económicos que conlevan o uso de todos eles. Os videoxogos, Internet, os móbiles ou a televisión non teñen por que ser un enganche, aínda que hai que estar atentos a condutas adictivas, mostradas en cambios de ánimo, agresividade, mentiras ou alteracións nos ritmos do sono.

As Tecnoloxías da Información non son un produto o un fin, son un medio para a comunicación. Non esquecer que a sociabilidade virtual non substitúe (e axuda) á la sociabilidade real.

As redes sociais da Rede no substitúen ningún aspecto da vida social cotiá, prevalecendo o contacto humano fronte ao illamento.

